



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 19-12-2022. EXPTE. 2022/G007/000016

ANTECEDENTES:

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria o primeiro e terceiro luns de cada mes, e dado que os distintos servizos municipais concluíron os expedientes de solicitude de subvencións e devolución de aval que se van incluír na orde do día, procede convocar sesión ordinaria para o luns 19 de decembro de 2022.

Tendo en conta o artigo 113 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar a sesión **ordinaria** que realizará a Xunta de Goberno Local que terá lugar o vindeiro **luns 19-12-2022**, na Casa Consistorial do Concello de Ponteceso, **ás 10:30 h**, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo con estipulado no artigo 90.2 do ROF. A partir desta data ten vostede á súa disposición, na Secretaría do Concello, os antecedentes relacionados con asuntos que figuran na seguinte

ORDE DO DÍA

1.-Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores: **Acta da sesión extraordinaria celebrada o 23-11-2022**

2.- Contratacións

2.1. Devolución de garantías provisionais correspondentes ao expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ponteceso. Expediente 2021/C004/000001.

3.- Subvencións

3.1. Solicitude de subvención para financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais durante o ano 2023. Expediente: 2022/A003/000038.

Segundo.- Notificar este decreto de convocatoria a todos os membros da Xunta de Goberno Local así como á secretaria en réxime de acumulación de funcións e á interventora do Concello.

Ante min, a secretaria en réxime de acumulación de tarefas, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican á marxe.